


Serie 31 - Núm. 5 - Orense



Puente romano sobre el río Miño

*A Ponte Maior de Ourense, cromo de "Estampas de Galicia" de Ksado, 1936 sobre fotografía ca. 1927 (col. ppia.)*

# Luis Casado

## en Ourense

Carlos Castelao<sup>1</sup>

Ao longo da historia da fotografía en Galicia contamos cun feixe de nomes que ficaram gravados na memoria das diferentes xeracións de galegos. Sería ocioso aquí mencionar as decenas daqueles que máis renome tiveron en cada unha das vilas e cidades do noso país. Temos aos Zagala, Jaime Pacheco, Caamaño, Avrillon, Sellier, Mora, Bordoy e tantos e tantos outros.

En Ourense a pioneira e imprescindible obra de Rafael Ángel Salgado titulada *Achegamento á historia da fotografía en Ourense (1856-1940)*<sup>2</sup> fai unha extensa relación dos profesionais que exerceron na nosa cidade. José e Augusto Pacheco, Vales, Montenegro, Pedro Varela, Prieto, José Gil, Samaniego, Schreck e Vilar



Nuestro colaborador, el notable fotógrafo Luis Casado, autor de «Estampas Compostelanas», verdadero monumento gráfico de Santiago de Galicia. (Foto Buch.)

*Casado en 1928,  
por Manuel Buch Sáinz,  
en Estampa, de Madrid,  
do 24/07/1928 (BNE)*

son algúns dos imprescindibles nomes que Salgado biografou detalladamente. Para moitos deles era a primeira vez que se lles facía xustiza lembrando o seu labor como fotógrafos.

Dentro da obra que está a piques de ser publicada sobre a historia da fotografía en Santiago de Compostela<sup>3</sup> constatamos a existencia de varios fotógrafos que ao longo do século XIX mantiveron relación tanto con Santiago como con Ourense, xa fose como fotógrafos ou debido a outras vicisitudes vitais. O primeiro foi Carlos Santos García Vizcaíno, a quen seguiron outros como María Cardarely, os irmáns Bocconi, Manuel Chicharro, Jesús Varela, Ricardo Otero, Hermógenes Garitaonandía ou os Ocaña.

1. Este artigo está baseado na conferencia que o autor deu o 21 de marzo de 2018 no Museo do Pobo Galego co título "A creatividade artística na obra do fotógrafo Casado", con motivo do 13º Premio de Creación Fotográfica Luis Casado, convocado pola Deputación da Coruña.

2. Deputación Provincial de Ourense, 2011, ISBN 978-84-92554-40-9.

3. O autor deste artigo ten prevista a súa publicación en decembro de 2018, nunha edición debida ao Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora, baixo o título de "As orixes da fotografía en Galicia. O caso dos estudos composteláns do século XIX".



*Plaza del Mercado Chico, de Ávila, lugar de nacemento de Luis Casado en 1887, segundo postal ca. 1920 de Luciano Roisin (col. ppia.)*

Porén, destaca nesa conexión Santiago/Ourense no mundo da fotografía un nome por riba de todos, o de Luis Casado, quen ao se establecer en Compostela mudou o seu *nome de guerra* polo de Ksado, co que é amplamente coñecido. A figura de Ksado é para Santiago só comparable, pola súa influencia e extensión no tempo, á doutras dúas que marcaron o devir profesional da cidade: a de Juan Palmeiro (durante o terceiro cuarto do século XIX) e a de Manuel Chicharro (durante o derradeiro cuarto do mesmo século e a primeira década do XX). Xuntos os tres formaron a Grande Tríade da fotografía compostelá e mantiveron unha liña de traballo que pode cualificarse como continuísta no compositivo. Todos eles dedicáronse á fotografía por unha razón alimentista, dela viña o seu sustento. Non actuaban como artistas, senón como profesionais. Pero é o gusto da sociedade compostelá por un determinado xeito de retratarse o que os leva a manter unha estilística compositiva similar. Pódese por iso falar dunha escola fotográfica compostelá? Na nosa opinión, non, porque o certo é que o seu estilo é o preponderante en todo o país. Non obstante, os que traballaron en Compostela se mostraron especialmente rigoristas neste aspecto.

Ksado adoptou precisamente o hieratismo dos seus antecesoros, como o propio do país. Pero, foi quen de aplicarlle uns elementos técnicos e estilísticos

que fixeron del o fotógrafo que hoxe admiramos. Especialmente recolleu a tradición pictorialista, que chegou tarde a España, e empregouna no seu proveito para crear a nova fotografía galega.

Non toda a súa obra mantivo o mesmo estilo. Isto é obvio. Ao longo dunha vida todos mudamos, todos experimentamos, todos temos momentos mellores e peores, todos temos máis ou menos tempo para ser máis ou menos perfeccionistas. E no caso de Ksado é algo totalmente aplicable. Como traballador incansable, inquieto e aberto as 24 horas do día ás novidades, foi quen de crear unha obra inmensa. Segundo el mesmo afirmaba, tiña tiradas máis de millón e medio de placas ao longo da súa vida, e isto dicíao nos anos 60, unha década antes de falecer.


Porén, a pesar da constante presenza da obra de Ksado nos nosos días cando se bota unha ollada ás imaxes do pasado no noso país, hai aínda moitos interrogantes que se poden abrir sobre a súa biografía. Mais, quixera neste espazo afondar non no Ksado das “*Estampas de Galicia*”, aquel que repararía o seu tempo entre Santiago e Vigo, ou que con Signo se lanzou a percorrer a xeografía galega, senón a aquel que antes de ser Ksado foi Luis Casado, a aquel rapaz que a principios dun verán de 1894 chegou ás beiras do Miño e mirou por vez primeira á cidade que o forxou.

UN GALEGO DE CASTELA

Luis Casado Fernández naceu o 25 de agosto de 1887<sup>4</sup>. Este é un dato novo, que non se coñecía ata agora. Os estudos publicados até hoxe dicían que aconteceu entre 1888 e 1893, sen precisar máis<sup>5</sup>.

Fíxoo no número 18 da chamada nese momento praza da Constitución, en Ávila. Hoxe é a praza do Mercado Chico, a principal da cidade, onde se atopa a Casa do Concello. É a típica praza maior castelá asoportada<sup>6</sup>, aínda que a súa configuración actual data do século XIX.

Sobre a familia do fotógrafo ata o de agora apenas se escribiu que era fillo dun funcionario de Facenda que foi vivir a Ourense, onde definitivamente ficaría a familia. Sendo como é certo o que se sabía, non explicaba o ambiente familiar no que medrou Ksado. Nesta xenealoxía que mostramos podemos botarlle unha ollada ás orixes do fotógrafo. O pai, Dionisio Casado Martín, procedía da chamada Terra de Maderuelo, na Extremadura castelá, ao nordeste da actual provincia de Segovia. Os seus avós paternos e o pai naceron no concello de Campo de San Pedro, preto de Riaza. O avó, Faustino, era un contribuínte medio do concello. En canto á nai, Concepción Fernández Nieto, era dunha familia ponferradina. Como chegaron a Galicia? Temos sospeitas de que en Ourense a nai, Concepción, podía ter familia residindo, pero o estado actual da investigación non nos permitiu aínda confirmar este extremo.



Elaboración propia

O que si sabemos é que Dionisio Casado, o pai, foi militar de formación, ingresando no Exército con apenas vinte anos, en 1871<sup>7</sup>. Tras participar en diversas operacións entre Navarra e Aragón durante a terceira guerra carlista, foi destinado finalmente á Caixa Xeral de Ultramar como escribente en 1873, con residencia en Madrid. Aquí permaneceu co grao de sarxento durante trece anos, realizando labores administrativos<sup>8</sup>. No entorno de 1885 deberon casar Concepción e Dionisio e poucos meses despois naceu en Madrid a súa primeira filla, Concha Casado<sup>9</sup>. Quizais a nova si-

4. "Acta de Nacimiento" nº 5994 de 26/08/1887 de Luis Casado Fernández (Registro Civil de Ávila, tomo 2017, folio 100, sección 1ª).

5. Sendón e Suárez, no único libro monográfico dedicado a Ksado publicado hai máis dun cuarto de século (Álbum Ksado, de Manuel Sendón Trillo e Xosé Luís Suárez Canal. Vigo, 1992: Centro de Estudos Fotográficos; 115 páxinas; ISBN 84-87882-02-01) tomaban a primeira data sen explicar a fonte (páxina 9).

6. Precisamente neste mesmo edificio, nacera unha década antes, o 10 de outubro de 1876, o tenente Eduardo López Salcedo, fillo dun farmacéutico con botica na cidade. Este Eduardo López foi o primeiro militar de graduación falecido na Guerra de Melilla en xullo de 1909, motivo polo que hoxe unha artística placa o lembra. Con el, por certo, faleceron outros tres soldados, pero xa sabemos como os galóns dan nome e memoria, mentres que para o resto apenas lle queda o esquecemento xeral.

Por que me deteño na figura deste militar? Porque pasou case medio século da morte de Ksado e aínda ningún lugar contén unha placa que sinala onde naceu, onde viviu, onde traballou ou onde faleceu. Si é certo que algunha rúa desde tempos recentes leva o seu nome. É un avance. Pero, que alguén de tan escasa transcendencia como Eduardo López teña na casa natal de Ksado unha lembranza tan salientable e non a teña o propio Ksado, dá que pensar.

7. Os datos correspondentes á súa presenza no Exército proceden da súa folla de servizos, localizado no Archivo General Militar de Segovia (sección 1ª, legaxo C-17-36, de 9 folios).

8. Segundo nos informou o fotógrafo José Guitián, foi secretario dun Primo de Rivera, probablemente Fernando.

9. O seu nome completo foi María Concepción Casado Fernández.



Debuxo de Ático Noguerol do ripert do Lobit, de Ourense, ca. 1900 (Arquivo Histórico Provincial de Ourense, sg. c-9579, exp. 37)

tuación familiar animou a Dionisio en xuño de 1886 a solicitar o paso á Administración civil do Estado. Ingresou así como oficial de 5ª clase inspector da Contribución Industrial e de Comercio de Ávila, dentro da Facenda Pública, aínda que se mantivo dentro da recentemente creada Reserva Gratuíta do corpo de Infantaría co grao de alférez. Por este motivo, Luis Casado naceu en Ávila no devandito ano de 1887.

Apenas catro anos despois naceu Carmiña Casado<sup>10</sup>. Dionisio foi trasladado como secretario da delegación de Facenda de Huesca en novembro de 1892 e, menos de dous anos despois, traballaba como oficial da correspondente delegación de Facenda da Coruña, xusto cando foi ascendido á de Ourense. Era xuño de 1894 e Luisito Casado tiña daquela case sete anos.

Estes primeiros anos da infancia foron, como vemos, de continuos traslados. Plausiblemente esta falla de arraigamento deu pulo, por reacción, a unha busca de raigames na nosa terra e a un notable interese pola cultura do país. Era Luis Casado castelán de nacemento, pero galego por elección e convicción. Xa se di que un é de onde paxe e non de onde nace. O propio Casado, nunha entrevista en 1961, confesaba: «Eu nacín en Ávila, é certo. Pero, son galego. Teño que selo». Semella o *motto* do determinismo alemán: «Teño porque debo. Debo porque teño».

Non obstante, non foi a de Casado unha infancia sinxela, como a continuación veremos.

#### OURENSE, FIN DUN PERIPLO E PRINCIPIO DUNHA NOVA VIDA

Estamos agora no mes de setembro de 1895, a comezos do outono. Levaba a familia Casado residindo en Ourense xa máis dun ano e Luis tiña oito anos, que cumprira un mes antes. O pai, Dionisio, tiña daquela que facer continuas viaxes relacionadas co seu traballo na Delegación de Facenda. Era mércores<sup>11</sup> e chegou á estación de ferrocarrís da cidade no último tren do día.

Para achegarse ata o centro urbano, posto que a estación ficaba algo afastada, ao outro lado do Miño, estableceuse unha liña de ómnibus de tracción á sangue; é dicir, tirado por bestas. Non eran tranvías, porque non ían sobre carrís<sup>12</sup>. Ademais, a súa capacidade era máis reducida ca dos tranvías. Este tipo de transporte, que se fixo moi popular no último terzo do século XIX en toda España, recibía o nome de *ripert*<sup>13</sup>, e moitos deles tiñan a posibilidade de levar a clientes no teito, no espazo que se chamaba *“imperial”*. O servizo ourensán era o chamado Ripert do Lobit<sup>14</sup>, e podía chegar a custar uns 25 céntimos de peseta (1 real)

10. Carmen Casado Fernández foi coñecida en Santiago como Carmiña Ksado, aínda que outros que a trataron, como Luis Román Martínez, tamén escoitaron chamala Carmina.

11. Día 25 de setembro.

12. Como o que unía Verín e Cabreiroá e que hai unha década se quixo restaurar.

13. Polo transportista marsellés Hugue Ripert.

14. Propiedade do industrial Emilio Lobir, propietario tamén da empresa “Volador de Vigo”.

o traxecto<sup>15</sup>. Tiñan por costume ir a unhas enormes velocidades, así que, nas cidades con máis dun ripert, en ocasións ao cruzarse había accidentes entre eles e moitos atropelos. Así que era frecuente que os maiores que os conducían levaran multas por ir a máis velocidade da recomendable.

Dionisio subiu ao imperial do ateigado ripert<sup>16</sup> e deu comezo o traxecto. Ao virar a avenida das Caldas encarou o inicio da Ponte Maior. O maioral acirrou ás bestas para afrontar a subida da antiga ponte e co tiron Dionisio perdeu o equilibrio e bateu contra o peitoril da ponte. Achegáronse ao seu carón un par de médicos que estaban preto<sup>17</sup> e levárono... á súa casa para examinalo. Mentres a súa filla Concha, que tiña once anos, sostíña unha candeia na man, os médicos comprobaron que tiña fracturado o cráneo na parte posterior esquerda e de aí en media hora expirou<sup>18</sup>. Poden imaxinar a escena.

Alí quedou a súa viúva con 39 anos e os tres fillos por criar. Como fixo nos anos seguintes? Por que non marchou a familia cara ao pobo do pai en Segovia ou, incluso, cara a Ponferrada? Por que ficaron en Ourense? Aínda que non foi posible reconfirmalo totalmente, seica a nai de Ksado tiña familia en Ourense que lle proporcionou unha certa cobertura, e entre isto e a pensión que lles correspondeu como familia de militar e funcionario, puideron tirar adiante.

De feito, conseguiu darlle estudos á súa filla maior, Concha, que se fixo mestra de primaria. A historia de Concha, a que sostíña a candeia cando morreu o pai, é tamén relevante con respecto á posterior traxectoria de Luis. Rapidamente imos tentar dar uns datos dela. Naceu en Madrid uns anos antes ca Luis e, como dicimos, estudou na Normal de Ourense. Despois dun tempo tentando conseguir praza, acabou casando en marzo de 1905 co secretario do Xulgado de Castro Caldelas, Alfredo Francisco López. Pouco antes Ksado entrou como aprendiz no estudio do fotógrafo José Pacheco, un dos grandes da fotografía galega. Luis Casado tiña nese momento dezasete anos.



*O estudio de Pacheco en 1910, con Casado o 2º pola esquerda (Vida Gallega, do 31/07/1910; Galiciana)*

Concha foi vivir a Castro Caldelas, pero non se resignou a levar unha anódina vida de “muller de”, senón que seguiu exercendo de mestra en varias poboacións dos arredores da vila caldelá. Así seguiu ata que o marido, que era veterinario, conseguiu praza como inspector sanitario primeiro en Ribadavia e logo en Vigo. Ela seguiu buscando prazas próximas, ata que por motivos de saúde tivo de renunciar en 1912. Naceron desta unión tres fillos: Santos Dionisio, Francisco e Luís. Santos e Francisco (Paco) foron tamén notables fotógrafos, pero non exerceron profesionalmente. Aprenderon a técnica no estudio do seu tío, onde axudaron mentres estudaban na Universidade.

Concha tivo desde nova problemas de saúde ata o punto de ter que operarse finalmente en Santiago, onde pasou a vivir cos seus irmáns, ficando separada do marido, que quedou en Vigo. Faleceu en maio de 1929. Aínda que non fose fotógrafa como os seus irmáns, a súa influencia no negocio semella que foi relevante. Unha crónica escrita sobre o seu pasamento dicía o seguinte:

*«[Na Galería Casado] Concha era o esforzo constante, a atención cariñosa e intelixente ao lado do seu irmán Luís. Non había dificultades para ela. A súa norma era servir, compracer sempre. E cando o tempo, a agonía de todos os artistas, non daba máis de sí, o bo desexo de Concha Casado parecía realizar*

15. En Santiago tiñamos os ripert “La Gran Vía” e “El Industrial”, que unían a estación de Cornes co centro de Santiago.

16. O debuxo que publicamos foino facilitado polo coñecido fohistoriador ourensán Rafael Ángel Salgado. É obra de Ático Noguero Iglesias (1888-1942), que hoxe conserva o Arquivo Histórico Provincial de Ourense (sig. c-9579, exp. 37). Porén, no debuxo de Noguero non observamos o denominado *imperial*, senón que remata cun teito convencional con dúas chemineas para a iluminación interior. Coidamos que era o que Noguero lembraba da súa infancia contra 1900, e non necesariamente o que funcionaba poucos anos antes, que debía levar o devandito aditamento.

17. Os doutores Augusto Nóvoa Nóvoa (†Ourense, 16/02/1921) e Manuel de Sás Sequeiros (†Ourense, 04/10/1932).

18. Acta de defunción do Rexistro Civil de Ourense de 27/09/1895 (tomo 40, páxina 15, sección 3ª, nº 12.769).



José Guedes Pacheco (Salgado, 2011: p. 96)

*a milagre de ensanchalo, de multiplicalo, para que ninguén se fose descontento. Acaso neste afanoso loitar deixou, sen decatarse, que a súa saúde se fose minando traidoramente, sen avisar apenas, para que o restablecemento resultase imposible».*

### O MESTRE PACHECO

O primeiro contacto de Ksado coa fotografía foi un agasallo que recibiu ao pouco de falecer o seu pai: unha pequena cámara de 6 x 9 que custou 30 pesetas e coa que retrataba cousas como o río, a ponte... *“A ponte”!!!* O lugar onde o seu pai deixou a vida era un dos seus lugares predilectos cando apenas contaba nove anos.

A infancia de Luis Casado, como vimos, estivo rodeada da súa nai e as súas irmás Concha e Carmiña, que foron un apoio fundamental ao longo da súa vida. Pero, despois delas, estivo José Pacheco, quen foi para Ksado como o pai que sempre lle faltou. Tal como relata o fohistoriador Rafael Ángel Salgado, o fotógrafo Augusto Guedes Pacheco contaba que Ksado,

sempre que podía, marchaba a Ourense para visitalo, durmindo sempre na súa casa. E o mesmo sucedía cando Pacheco ou alguén da súa familia ía a Santiago. Así, o propio Augusto tivo que operarse no sanatorio do doutor Ponte Castro en 1926, cando Ksado estaba en Vigo, e Carmiña foi quen lle deu acomodo e axuda. A prensa da época precisamente explicaba esas constantes viaxes do fotógrafo a Ourense *«debido a que alí deixou á súa familia»*, expresión que define a intensa relación que mantiña cos Pacheco.

Nunha entrevista nos anos 60 o propio Ksado recoñeceu que José Pacheco foi o seu mestre. E como tal, Ksado é herdeiro do seu estilo clásico, ríxido, pero de técnica depurada, diáfana. Pacheco é inimigo dos barrocos panos de fondo de épocas precedentes. Estes son apenas sombras esvaecidas que non restan protagonismo ao retratado e facilitan a profundidade do retrato. Non obstante, a concepción que Pacheco ten sobre o retrato é a propia do século XIX; é dicir, retrátase coa intención de investir ao retratado *«da aura propia das clases dominantes»*<sup>19</sup>, non para captar a súa personalidade. Por iso tanto el como Ksado practican o hieratismo que levaba instalado desde o principio na fotografía. Aínda así, Pacheco ensínalle a fuxir no retrato de estudio da máis dura frontalidade e a buscar a pose en oblicuo para acentuar a devandita profundidade. Tamén tomaría con el as leccións básicas sobre o retoque fotográfico, no que posteriormente Carmiña Ksado sería unha mestra, e sobre os procedementos fotográficos, herdeiros directos daqueles extremadamente lentos do século XIX. As novidades técnicas ían chegando ás provincias a contagotas, e aínda as exposicións eran longas.

Outros alumnos de José Pacheco, como os irmáns Xesta, posuían características similares na súa obra. Hai que ter en conta que nun estudio fotográfico eran precisos daquela *«retocadores, operadores de galería, iluminadores»*<sup>20</sup>, así que un estudio de prestixio adoitaba ter varios empregados e aprendices.

Por outra banda, hai que salientar a relación do mestre Pacheco co seu propio irmán, o fotógrafo Jaime Pacheco, que non foi tan plácida como a que tivo con Casado e outros alumnos seus. Jaime manifestou en ocasións sentirse abafado polo menosprezo do seu propio irmán. Buscou asociacións con outros profesionais,

19. López Mondéjar (1997), p. 122.

20. López Mondéjar, id.

como co pioneiro do cinema galego José Gil, e finalmente, canso da cidade, marchou para establecerse en Vigo no verán de 1907. Tempo despois Jaime e Ksado cruzarían os seus pasos nesta cidade, na revista *Vida Gallega*.

Ksado afirmaba que entrou como aprendiz no estudio de Pacheco en 1898, con dez anos. Porén, noutras novas publicadas un ano despois, a data retrasábase ata 1903, cando contaba quince. E hai un dato máis que pon en dúbida a primeira data: tamén afirmaba Ksado que se iniciou con Pacheco «*ao mesmo tempo que preparaba unhas oposicións para ingresar no Corpo de Correos*», ás que ao final non se presentou. Xa con quince anos coidamos que a idade pode considerarse tenra para acudir a unha oposición, non digamos dez. Ao longo da súa vida Ksado ocultou repetidamente (ou fixo cálculos errados) a súa idade real, polo que non podemos fiarnos nunca ao 100% das informacións derivadas das súas palabras.

Por fin, Casado permaneceu no estudio de Pacheco ata que chegou á idade militar. Despois, decidiu marchar a Santiago.

Por certo, o feito de que Luis Casado se presentase a unhas oposicións a Correos demostra que non tiña aínda nese momento moi claro que o seu futuro ía pasar pola fotografía. De feito, no mundo interior de Ksado, había outra actividade que ocupaba, nestes anos centrais da súa xuventude, o seu tempo e as súas obsesións: o deporte. Casado foi un deses mozos que viviron a explosión dos *sports* a principios do século XX. En particular foron o fútbol e o ciclismo as súas principais afeccións deportivas.

#### CASADO E O DEPORTE

Fisicamente Ksado era pequeno de tamaño<sup>21</sup>, pero dunha grande fortaleza e resistencia. Dous dos seus sobriños foron atletas e waterpolistas na súa etapa universitaria, así que seica era cousa de familia. A meirande parte das primeiras imaxes públicas de Ksado retrátano precisamente facendo deporte. Con vinte dous anos, en 1909, formou parte do equipo fundador do “*Blanco y Negro Football Club*” de Ourense, xermolo



*Claustro de San Francisco, por Ksado (Vida Gallega, do 20/08/1929, p. 17; Galiciana)*

do “*Triunfo F.C.*” que dirixiría durante anos o fotógrafo Luís Fernández “*Xesta*”. Na fotografía de *Vida Gallega* podémolo ver sentado o segundo pola dereita. Por certo, Casado era dianteiro. O “*Blanco y Negro*” era a sección deportiva da Sociedade Artística Ourenzá, onde se reuniron os chamados *sport-men* da sociedade local<sup>22</sup>. Isto é indicativo de que a familia de Casado mantiña unha boa posición na cidade e incide aínda máis na idea de que as relacións procedían dunha rede familiar estable. Un ano despois o propio Casado impulsaría dentro desta sociedade deportiva unha sección ciclista.

No primeiro *raid* (carreira), celebrado como un acto benéfico en prol dos combatentes na Guerra de Melilla (aquela na que faleceu López Salcedo), e que vemos nesta outra imaxe tirada por Pacheco tamén, participaron moitos rapaces da “*boa*” sociedade ourensá, entre os que estaba o avogado do Estado Julio Cuevillas, tío do antropólogo da Xeración Nós e do Seminario

21. «Luis Ksado, o simpático e popular fotógrafo vigués ao que teríamos chamado diminuto, en sentido corporal, se non fose tan grande como artista está estes días rematando unha obra admirable» (*Galicia*, de Vigo, 04/05/1924, p. 8).

22. Rafael Ángel Salgado, “*Campo Burgas, en el olvido*” (*Ourense no Tempo*, de 09/12/2017).





*Carreira ciclista en 1910 con Casado o 2º pola dereita (Vida Gallega, do 01/02/1910, p. 13; Galiciana)*

Ourense. — Los corredores de la sección ciclista de "Blanco y Negro, F. C.  
1. José Román; 2. Luis Casado; 3. Néstor Pérez; 4. José Perillo; 5. Santos La Cumbre; 6. Eduardo Fernández; 7. Antonio Calvario; 8. Enrique Fontán; 9. Feliciano Ariño; 10. Carlos Santiago; 11. Antonio Iglesias; 12. Blas Morán; 13. Francisco Pérez; 14. Lolo Astay; 15. Julio Alonso; 16. José Perillo; 17. Manuel Santos; 18. Mariano Álvarez; 19. Manuel V. Rojas; 20. Julio Cuvillas.

de Estudos Galegos Florentino López-Cuevillas, agrupacións coas que anos despois Ksado estaría fortemente ligado. Outra das carreiras que organizou foi grazas á súa amizade co malogrado Luis Saunier Osterberger, fillo da compositora Madame Saunier<sup>23</sup>; carreira que case remata como o rosario da aurora porque a un dos participantes, o reloxeiro portugués Narciso da Cunha, que finalmente gañaría, un grupo de rapaces lle botaron un pau diante da roda. Librou por pouco. Pero, xa se sabe que para aqueles nenos estes deportes de ricos eran unha oportunidade para facerlles trasnadas e rirse un pouco deles.

Precisamente ao carón do estudio de Pacheco, o devandito Narciso da Cunha, íntimo de Casado, abriu un depósito de bicicletas, para venda e arranxo, tal e como nos conta Salgado. E alí quen atendía era o propio Casado, segundo parece por unha nova publicada en *La Región* en 1911. Ao mesmo tempo, Julio Cuevillas tiña o seu despacho moi preto, e tamén Casado botou a man de vez en cando. Foi esta unha época na que Casado estivo moi involucrado no recreo da sociedade de Ourense, incluso organizando nun ano as festas da capital ou algunha das comparsas do Entroido.

Casado deixaría de practicar o deporte a este nivel unha vez marchou de Ourense, pero ao longo da súa vida mostrou sempre un enorme interese nel e, de feito, converteuse nun dos primeiros fotógrafos do reportexismo gráfico deportivo de Galicia. Tanto en *Vida Gallega* como en *El Pueblo Gallego* hai moitos exemplos disto. Era o deporte un ámbito no que a ne-

cesidade de exercitar a fotografía instantánea ensinaba aos fotógrafos a ter o ollo preparado para disparar sempre no momento xusto. Ksado cubrirla o fútbol, o ciclismo, a ximnasia, o tenis, o béisbol, o boxeo, etc. Por certo, Jaime Pacheco foi outro dos grandes retratistas de acontecementos deportivos en Vigo.

#### **KSADO, MESTRE DO REPORTEIRISMO**

En 1910 Jaime Solá, o fundador e director de *Vida Gallega*, visitou o estudio de José Pacheco, a través das xestións de Pepe Adrio<sup>24</sup>, que era daquela colaborador dunha ducia de publicacións, entre elas *Vida Gallega*. Alí Solá coñeceu e fotografou, ademais de ao propio Pacheco, a Casado. Na páxina 43 vemos esta foto, que foi publicada na mesma revista gráfica a finais de xullo, na que se ve de esquerda a dereita a un mancebo descoñecido, a Luis Ksado, a Luis Fernández Xesta<sup>25</sup>, a José Pacheco e, por fin, de pé, a Juan Fernández Xesta<sup>26</sup>.

Daquela, José Pacheco era o correspondente gráfico habitual de *Vida Gallega* desde o primeiro número<sup>27</sup>, que saíu en 1909. Debeu quedar impresionado con Ksado e pronto comezarían a colaborar xuntos. Porén, non sería na pioneira das revistas gráficas galegas a primeira na que Casado colaborou. Cando menos desde maio de 1911 facíao na coñecida revista gráfica madrileña *Nuevo Mundo*, da que podemos ver o seu carné de colaborador. É dicir, mentres aprendía e traballaba no estudio de Pacheco, gañaba uns cartos como correspondente de revistas e xornais. Descoñecemos

23. Tamén foi neto do litógrafo compostelán Jorge Osterberger e sobriño do fotógrafo estradense Jorge Osterberger Luard.

24. José "Pepe" Adrio Menéndez (†1937 en Ourense).

25. Un dos irmáns Xesta, debuxante e fotógrafo, que ás veces tamén empregaba o alcume Taxes (R.A. Salgado).

26. Juan Fernández Xesta (†marzo 1944 en Ourense) foi historiador e profesor da Escola de Artes e Oficios de Ourense (ABC, 14/03/1944, p.20).

27. Da súa segunda época, xa que hai que lembrar que en 1904 houbo un primeiro intento, frustrado, de levar adiante a publicación.

*Carnet de Luis Casado  
para Nuevo Mundo en 1911  
(Sendón e Suárez, 1992:  
páxina 12)*

a implicación que neste extra de Ksado, que aínda asinaba como “Luis Casado”, tiña o seu mestre; é dicir, se era coñecedor (estimamos que si), se o consentía (tamén o cremos) e se cobraba el unha parte máis o menos significativa do gañado polas publicacións. En todo caso, na mesma revista tamén era correspondente Luis Xesta, polo que coidamos que a situación tiña que ser probablemente impulsada polo propio Pacheco.



Para explicar a importancia do fotorreporteirismo no ámbito da fotografía profesional, convén antes facer unhas precisións. Na última década do século XIX producíronse unha serie de cambios no mundo da fotografía que marcaron o seu posterior desenvolvemento no século seguinte. Foron tan profundos como para nós hoxe supuxo a aparición da fotografía dixital. En primeiro lugar popularizouse o emprego da chamada placa seca, que permitía levar desde o estudio o soporte sensibilizado para facer a foto, e non ter que o preparar no tempo inmediato ao seu emprego. Tamén a aparición da película e o rolo de película. Todo isto trouxo un abaratamento dos elementos e aparatos fotográficos, que se fixeron ademais moito máis pequenos e sinxelos de transportar. Por exemplo, é este o momento no que aparecen os aparatos para detectives, facilmente ocultables. Tamén xorden as postais comerciais ilustradas, que dan acceso á imaxe a todo o mundo por un módico prezo. É unha revolución que definitivamente democratiza a fotografía. Pero, isto tamén facilitou enormemente o acceso á fotografía aos afeccionados, que comezaron a espallarse en enorme número. Así que estes requirirían servizos máis relacionados co revelado dos seus negativos que co tradicional de acudir ao estudio a retratarse ou a mercar copias de fotografías. Nese momento os fotógrafos non tiñan unha formación técnica e cultural que lles permitira afrontar esta actividade prosumidora, e trouxo o inevitable decaemento

do retratismo do século XIX. Só os que se adaptaron e variaron a súa actividade puideron sobrevivir.

Casado, da man de Pacheco, intúe a fin do retratismo clásico e, como dicía, vai tomando conciencia de que ten que diversificar as formas de comercializar a fotografía. É un proceso de anos que dá comezo xusto neste momento cando empeza o seu labor como fotorreporteiro. Contribúe a isto, claro está, a aparición da fotografía en prensa, con todo o que isto implica no crecemento exponencial do medio publicitario. As revistas gráficas poranse de moda durante as tres primeiras décadas do século XX, e pouco a pouco incorpóranse os xornais. Aqueles que non se adaptan a este cambio de gustos do lector, desaparecen. Así que estes medios buscan colaboradores e correspondentes gráficos desesperadamente, e ao comezo atópanse nos fotógrafos de estudio. Ksado é novo e irá aprendendo como poucos esta profesión, na que ata chegada a guerra civil será un mestre consumado.

No que respecta a esta relación de Ksado co fotorreporteirismo, á súa colaboración con *Nuevo Mundo* seguíronlle moitas outras. Porén, por enriba de todas elas, destacan, polo número de imaxes publicadas e o tempo no que se estendeu, os xornais *ABC*, *El Pueblo Gallego* e *La Noche*, e, entre as revistas gráficas, sobre todo *Vida Gallega*. Nesta a colaboración prolongouse desde 1913 ata 1937, con publicacións en case todos



*Procesión en Ourense,  
por Ksado (col. ppia.)*

os números. A tipoloxía de fotografías foi tremendamente variada, desde a típica imaxe de reporteiro que cubría unha nova puntual, pasando por retratos de estudio, ata imaxes artísticas das que moitas se repetiron máis dunha vez. Secasí, a primeira publicación de Ksado en *Vida Gallega* foi unha reportaxe fotográfica acompañada dun artigo escrito por el mesmo (cosa inhabitual) sobre o Laboratorio Municipal de Vigo, onde acababa de entrar a traballar no mesmo ano de 1913 o seu cuñado, Alfredo Francisco López.

A relación entre Solá e Ksado foi, como dicíamos, moi prolongada no tempo, o que deu lugar a unha grande intimidade. Son abundantes as referencias que Solá fai a Ksado nos seus artigos, nos que o louva unha e outra vez. Porén, en moitas ocasións Solá non acreditou moitas das súas imaxes, que mantiveron o frontalismo característico da súa obra. A primeira fotografía que tirou en Compostela foi no Teatro Principal, en 1914. Empregou o magnesio en po. Todos temos en mente a imaxe da súa luz cegadora seguida dunha poeira que se elevaba rapidamente. Pero, poucos terán experimentado o noxento cheiro que deixa.

#### **MARCHA A SANTIAGO E LEMBRANZA DE OURENSE**

Ksado dixo en 1961 que decidiu marchar a Santiago porque era «a cidade de Galicia que máis me gus-

taba». Pero, cabe preguntarse se había algunha outra razón que o levase a esta cidade e non, por exemplo, a Vigo, onde tiña o apoio de Solá e era unha cidade implicada na vangarda artística, o que coincidía coa maneira de ser de Ksado. Hai neste sentido unha última nota xenealóxica que considero interesante e que, de tirar do fío, quizais nun futuro poida levarnos a explicar a presenza de Ksado e as súas irmás en Santiago. Esta nota é que Concha Ksado era concuñada do editor e xornalista compostelán Manuel Bibiano Fernández Tafall, director da *Gaceta de Galicia*.

Sexa como fose, Ksado abriu o seu primeiro e definitivo estudio en Compostela no número 23 da rúa do Vilar, a rúa dos fotógrafos de Compostela por antonomasia. Abriuno a principios de xuño de 1915, aínda que desde unhas semanas antes xa estaba na capital de Galicia. O retrato de estudio en Ksado é, neste momento inicial en Compostela, o que lle ensinou Pacheco: de corpo enteiro, dignificando ao retratado e ignorando a súa personalidade. Pero, paulatinamente va escorregándose cara o corte máis contemporáneo en forma de busto ou de torso. Ademais, faino positivando sobre tarxetas postais, abandonando en boa medida a foto sobre cartón. É máis barato e popular. Está de moda. E Ksado atendeu sempre ás modas. Como lle ensinou Pacheco, tamén Ksado é inimigo dos panos de fondo, especialmente se son excesivos ou cun tema moi definido.

Nos anos seguintes, non obstante, Ourense permaneceu no seu pensamento e na súa obra. Así, tras a publicación das súas coñecidas “*Estampas Compostelanas*” (1927) e a súa secuela “*Estampas de Vigo*”, tivo a idea de publicar un “*Estampas Orensanas*” (1929)<sup>28</sup>. Esta obra, que non chegou a materializarse, probablemente ía nutrirse de dous proxectos coetáneos do propio Ksado. Un tivo relación coa súa participación en exposicións nacionais e internacionais relacionadas coa promoción turística. Concretamente obtivo un grande éxito na de Colonia (1928), na que a Deputación de Ourense fíxolle unha encargada de 36 fotografías e 12 ampliacións<sup>29</sup>. O outro proxecto que puido servir para completar a malograda “*Estampas Orensanas*” foi o chamado “*A volta a Galicia en automóbil*” de 1927. Este foi un experimento que se artellou como unha viaxe promocionada, no que ata o propio vehículo era disposto pola casa Dodge. Lembraba a aquelas viaxes de descubrimento de xornalistas-aventureiros do Oeste americano que eran transmitidas periodicamente como un serial nos medios do leste ou mesmo en publicacións europeas, como se fosen experimentos sociais. Nesta serie Ksado colaborou co xornalista portorriqueño de orixe galega José Signo, “*O Negro*”, quen facía o diario da excursión. Ourense e a súa provincia foi obxecto desta viaxe no outono de 1927 e as numerosas fotos tiradas foron pouco a pouco publicadas en diferentes medios, aínda que principalmente en *Vida Gallega*. Neste sentido é relevante a atención que prestou aos cenobios ourensáns e a diversos aspectos da cidade de Ourense. En xuño de 1928 moitas destas ilustracións formaron parte da *Exposición de Arte Galega* celebrada en Madrid<sup>30</sup>.

Pero, é na súa obra cimeira “*Estampas de Galicia*” (principios de 1936) onde atopamos un gran número de imaxes da cidade e da provincia. Son 103 cromos, moitos deles publicados anteriormente en xornais e revistas. Por fin, no mesmo ano os seus clixés serían empregados para o frustrado proxecto de selos de promoción turística, que sacou co comezo da guerra civil. O mundo de Ksado despois disto mudou por completo.



*Procesión pasando fronte ao estudio de Ksado, con este á porta (col. ppia.)*



*Domicilio de Ksado, no que faleceu en 1972 (foto Carlos Castelao)*

Ksado faleceu o 1 de febreiro de 1972<sup>31</sup> no seu domicilio do número 9 da rúa República Arxentina, no primeiro andar, vítima dunha «*metástase canceríxena cerebral*», segundo o seu parte de defunción<sup>32</sup>. Este anódino edificio do Ensanche hoxe forma parte desa paisaxe invisible da historia da fotografía galega, aquela que se conta virando as imaxes dos nosos fotógrafos e narrando as súas historias.

28. *La Zarpa*, de 29/09/1929, p. 7.

29. Abonou por este conxunto un total de 540 pesetas (*La Zarpa*, de 03/03/1929, p. 3).

30. *El Liberal*, de 14/06/1928, p. 3.

31. A meirande parte das publicacións afirman que sucedeu o 6 de febreiro, pero o Rexistro Civil rebáteo.

32. Acta de defunción do Rexistro Civil de Santiago de 02/02/1972 (tomo 194, páxina 125, sección 3ª).